
Demostración das prestacións do INSIGHTII e CERIUS II para o deseño de fármacos

- Actualizado (19.09.2005)

O deseño de ligandos de proteínas (acompañados polas súas sínteses e caracterización biolóxica) é un dos obxetivos das ciencias proteómicas, dada a súa utilidade para estudar a diferenciación das funcións de proteínas. Así por exemplo, utilízanse moléculas pequenas (por exemplo, inhibidores) para suprimir a actividade dalgúns proteínas, permitindo deste xeito un estudio da diferenciación das funcións proteicas nun organismo.

A sinatura ACCELRYs fará unha demostración das prestacións dos programas INSIGHTII Y CERIUS II para o deseño de fármacos dirixido a investigadores de Galicia e o norte de Portugal.

O seminario impartirase no Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) os días 14 e 15 de Xaneiro, 2002. O horario do curso será de 10:00h. a 14:00h. da mañá e de 16:00h. a 18:00h. do serán.

O curso terá un aforo de 30 persoas que será cuberto por orde de inscición.

Para máis información sobre contidos e suscripcións, consulte a nosa sección de cursos.